



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Xosé Manuel Carril Vázquez, Secretario Xeral da Universidade da Coruña, actuando de conformidade co artigo 39 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, DOG do 26 de maio, modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro, DOG do 17 de outubro,

CERTIFICO

Que o Claustro da Universidade da Coruña, na súa sesión do día 17 de abril de 2008, acordou aprobar a seguinte declaración institucional:

“O Claustro da Universidade da Coruña, reunido o día 17 de abril de 2008, acorda sen ningún voto en contra e con dúas abstencións declararse en contra da suba das taxas de matrícula no Sistema Universitario Galego. O incremento das taxas supón unha carga para as familias e constitúe un elemento de exclusión que redunda na desigualdade de oportunidades no acceso e continuidade na universidade. A suba intempestiva das taxas, alén dun elemento de discriminación e penalización do estudantado, non leva parello un incremento das bolsas nin a mellora da calidade dos servizos, e ademais conduce á universidade cara á unha privatización encuberta. Os representantes do estudantado, do profesorado e do persoal de administración e servizos do Claustro da Universidade da Coruña, na súa defensa da universidade pública e de calidade, considera que o financiamento das universidades debe estar sustentado polos orzamentos xerais e insta ás autoridades competentes a tomar medidas para frear a suba das taxas de matrícula”.

Para que conste aos efectos oportunos, asino o presente.

A Coruña, 18 de abril de 2008

